

# Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño Francés](#)





# Ruta do Camiño Francés

154 kms

O Camiño Francés é a ruta xacobeá por antonomasia, sobre a cal se ten escrito e se ten falado ao longo dos séculos en múltiples publicacións e entre os millóns de peregrinos que a percorreron. Poderíase dicir que o Camiño Francés equivale a falar do Camiño de Santiago no ámbito internacional.

Transmisor de actividade comercial, cultural e vehículo de comunicación entre rexións, o Camiño Francés tivo a súa maior etapa de esplendor en plena Idade Media, entre os séculos XI e XIV e está considerado como un dos pilares fundamentais da unión e o vencello común dos distintos pobos de Euro-

pa. Este recoñecemento internacional chegaría en 1987, cando foi declarado como Primeiro Itinerario Cultural Europeo e seis anos despois, destacado como ben Patrimonio da Humanidade.

Tras percorrer Francia e o norte da Península Ibérica, a vía francesa adéntrase en Galicia pola localidade lucense de [O Cebreiro](#). Esta aldea situada nas montañas dos Ancares ofrécelle ao visitante unhas paisaxes únicas cheas de bosques autóctonos, que no inverno é frecuente que estean cubertos de neve.

As paisaxes das terras lucenses de Samos que contempla ao percorrer o Camiño Francés quedaron plasmadas na obra do poeta **Fiz Vergara Vilariño**, nado nunha parroquia deste concello. Entre os seus títulos destacan *Orfo de ti en terra adentro*, *Poeta muiñeiro á deriva* ou *Pastora de sorrisos*.



Mosteiro de San Xulián de Samos



Esta aldea, ademais de acoller a peregrinos ilustres como os **Reis Católicos**, que a visitaron en 1486 e á cal doaron un relicario que se conserva no santuario de Santa María a Real, ou de albergar varios exemplos de arquitectura prerromana en forma de pallozas, vivendas levantadas en pedra e cubertas con teito de palla, acolleu durante anos a un párroco de vital importancia para a ruta xacobeá. Trátase de **Elías Valiña**, do que pode contemplarse un monumento homenaxe no centro urbano.

Este sacerdote e doutor en Teoloxía, compaxinou o seu labor parroquial no Cebreiro coa dunha activa promoción e recuperación do Camiño de Santiago, que sufrira un importante descenso de visitantes durante séculos tras o esplendor medieval, participando en numerosas investigacións, relator en distintas institucións, ademais de realizar algunhas das primeiras guías sobre a ruta xacobeá, tal e como hoxe a coñecemos. Cabe destacar entre os seus títulos *Guía del peregrino. El Camino de Santiago*.

A hoxe recoñecida internacionalmente como frecha amarela que guía aos peregrinos polas distintas rutas que conforman o Camiño de Santiago naceu gracias á iniciativa de **Elías Valiña**, que xunto a outros voluntarios adicou grandes esforzos a sinalizar distintas etapas do Camiño Francés.

Se non vos queredes perder ningunha información sobre as rutas xacobeas, recomendámosvos que consultedes os números da revista *Peregrino*, editada pola Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago, cuxos números iniciais, coordinados por Valiñas en forma de boletín, están a disposición dos lectores na web da federación ([www.caminosantiago.org](http://www.caminosantiago.org)).

**Sarria** é outra das destacadas localidades lucenses polas que transcorre esta ruta e desde ela parten os dous últimos cen kilómetros que faltan para completar a travesía a Compostela. Oriúndo desta villa foi **Camilo Gonsar**, escritor e académico, que participou na renovación da narrativa galega na segunda metade do século XX, ao achegala estilística e tematicamente a correntes lite-



rias internacionais que puido coñecer durante as súas estancias como docente en Londres ou Nova York. *Arredor do non*, *Cemento e outras escenas*, *A desfeita (semirreportaxe)* ou *Como calquera outro día* son algunhas das súas obras.

Decisivos para o desenvolvemento do Camiño de Santiago durante toda a Idade Media, os mosteiros erixíronse en institucións determinantes para a configuración das zonas rurais e cidades nas que se fundaban, ademais de ser unha referencia para os peregrinos durante o seu periplo.

Sen dúbida, un dos máis destacados desta ruta é o [Mosteiro de San Xulián de Samos](#), un dos máis antigos de España e onde se educou durante a súa infancia o rei Alfonso II, baixo cuxo reinado se descubriría o sepulcro do apóstolo Santiago. Non podedes perder unha visita á súa espectacular igrexa, da que destacan as súas monumentais dimensións e a calidade dos seus órganos, e a paz que se respira paseando polos

seus claustros, o pequeno e o grande, coñecidos como o das Nereidas e o do Padre Feijoo, respectivamente, ao que homenaxea unha estatua, realizada por Francisco Asorey, situada no centro deste.

**Benito Jerónimo Feijoo** foi un dos ilustres membros desta comunidade bieita. Polígrafo, ensaísta e profesor universitario, este intelectual sería un dos máis destacados representantes da Ilustración española. As súas obras *Teatro crítico universal* e *Cartas eruditas y curiosas* foron dúas das máis lidas en España durante o século XVIII. Considerado como un impulsor decisivo do xénero do ensaio, Feijoo defendeu a relevancia do papel da muller na sociedade e os avances científicos, sobre os cales se mantiña ao día. Nos seus escritos sempre tivo presente a importancia de formar parte da comunidade deste destacado mosteiro no Camiño.

[Monterroso](#) é un importante enclave para a tradición xacobeá, xa que na súa



Claustro do Padre Feijoo

A Abadía de Samos conta cunha interesante biblioteca e un arquivo que conservan cantoriais do século XVII, moitas obras contemporáneas, importantes coleccións sobre patroloxía, doce incunables, un pergamino do rei Fernando III e un privilexio de Fernando IV, dos séculos XIII e XIV, respectivamente, ademais de varios manuscritos relevantes sobre a historia do mosteiro.


aldea de Ligonde achábase un hospital da Orde de Santiago, un cemiterio de peregrinos e unha igrexa consagrada ao apóstolo. Un dos persoeiros ilustres deste concello é **José Manuel Lorenzo Varela Vázquez**, un intelectual e escritor que viviu a cabalo entre diversos países americanos, debido ao seu exilio tras a Guerra Civil, e a súa localidade natal onde unha estatua e unha rúa o homenaxean. *Torres de amor* ou *Lonxe* son dúas das obras nas que evoca a morriña polo seu lugar de orixe, ao que volvería a finais dos anos 70.

A visita á [catedral de Santiago](#) é a meta de todos aqueles que completen calquera ruta xacobeá, pero será o Camiño Francés o que quede recollido nunha das maiores xoias que se atesouran nela. Trátase do *Códice Calixtino*, formado por cinco libros, datado no século XII e conservado no arquivo catedralicio. Será precisamente o último destes

libros o que se considere a primeira guía de viaxes da Historia, conformándose como o manual de peregrinación medieval a Compostela. Nel recompílese o itinerario e as etapas que se debían completar desde Francia ata chegar a Santiago, así como os santuarios que se levantaban no traxecto, referencias gastronómicas das distintas zonas, costumes locais ou as fontes onde o viaxeiro podía saciar a súa sede durante o dilatado periplo.

Algúns investigadores consideran o francés **Aymeric Picaud** como o autor deste libro, escrito na época de maior apoxeo da peregrinación a Compostela. El mesmo realizou esta viaxe a caba-

Sabías que a publicación máis importante do Camiño de Santiago, o *Códice Calixtino*, está conformada por cinco libros? O primeiro deles recolle textos litúrxicos en honra ao apóstolo; o Libro II adícase aos milagres realizados por Santiago; o terceiro libro narra o traslado do corpo do apóstol desde Terra Santa a Compostela; no Libro IV relátanse as fazañas de Carlomagno na Península Ibérica e o V converteuse na primeira guía de peregrinación a Compostela.



lo, pero non obstante hai outras teorías que lle adxudican a autoría a **Hugo el Potevino**, monxe da Abadía de Vézelay.

O *Códice* ideouse, sendo arzobispo compostelano **Diego Gelmírez**, co obxectivo de consolidar a cidade como sede apostólica e a peregrinación ao sepulcro de Santiago como un fenómeno de ámbito europeo con clara vocación cosmopolita. Así, está considera-

do como unha única obra e un tesouro cultural excepcional que fai as delicias de todos aqueles que se queiran aproximar á materia xacobeá, incluídos musicólogos ou afeccionados á música en xeral, xa que nel se recollen vinte e unha pezas que son as composicións polifónicas máis antigas de Europa, recompiladas nun apéndice final desta obra incomparable.



Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021